

# TESTAMENTO

(Coro en Fisterra, profecía da voz sobre do mar e a irmandade)

Outros dirán si cativa frol a desta anguria de hoxe,  
si nembramos Breogán,  
e fica o mar atráis desterrando a zanfoña do que foi canto Fisterra, do que baixo o teito da  
deica a aba da voz debruzada na irmandade.

Outros dirán que ninguén escoita, que ninguén ollar, que ninguén  
sobre das branceiras da casa de Fisterra, cibdá,  
solaina de lume,  
dos que berran a antífona da morte e da terra presentida,  
carnes que áinda chamar chaman polos nenos que foron, polos homes que foron,  
e liscaron. E non atoparon enderezo  
pra lle mandar aos troveiros de tempo e terra.

Outros dirán  
achanará os caborcos do soño,  
e vivirá os caborcos do soño,  
e vivirá nos mañízos dos pertos mencerés  
pra non máis ausencia na xerfa das nembranzas.  
(E fica o mar atráis regresando a zanfoña do que foi canto Fisterra.)

Outros dirán terra Breogán,  
a inzar a profecía das voces da irmandade e o pranto contra o solpor da mañá:  
o regreso abre un estronicio sobre do mar, e os herdos dos donos mollan as azas e vánse, e alén,  
e fuxen ás latitudes das gueivotas.

1

[terra é vazar de loitos

2

Outros dirán vidros das ondas, Fisterra, anguria transparente do ir e vir na xerfa dos ronseles de pais e devanceiros.  
Quén mar volta ao porto comesta do vazar co vento loito por bandeira.  
Quén faro de misericordia:

Irmandade,  
quén linguaxe de luz, canipas con vida.  
Irmandade  
¿é chegar tanto tempo despóis de tanta ausencia doendo?

3

Outros dirán xerfa de loaira prá terra Breogán,  
terra ceibe presentimos ás portas do mar, da cibdá fortificada,  
alguén máis tolleito de estar e que agora camiña, vai á feira dos poetas, á romeiría dos fistores, á festa dos troveiros.  
E diráse libertá de abrente, libertá de querer.

4

Outros dirán Breogán, terra a agromar a mañá e a profecía, e nós,  
e nós na rúa insólita inzando o beizo da irmandade, o beizo da cibdá Fisterra  
a chegar redimida polo mar, polas xerfas dos ronseles das gamelas irmandiñas, como cando vaza e xunta area unha vaga  
[de vagar,  
e outros dirán é nós  
que houbo un día-xericó, Fisterra, cibdá fortificada polo mar,  
o noso, o noso.

5

E nós e outros dirán:  
Foi tempo de profetas e regresos, e de voltas arredor,  
arredor de tanta fortificación déles ao son da mesma esperanza,  
e todos irmandade Breogán, e todos, irmaos, irmaos, a chegar polo mar e amar pra sempre na cibdá tomada,  
cibdá intramarina que perdura e voltará en nós no adro de luz do maior testamento

6

XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO (Lugo, 1954). *Mora na mesma*.  
Poeta e narrador, home da rádio.  
Poesía: *Pranto irmán*, *Verbas violentas na dor da conciencia*, *Antífona da redención*, *Herdo e alucinación en Fisterra*, *Os laberintos da xerfa* (Prémio C. Vigo, 1984).  
Ensaios: *Viqueira, vida e obra*.

7

8